



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2026/E001/000004. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a.**

## **ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DUN/HA TÉCNICO/A INFORMADOR/A TURÍSTICO/A.**

En Touro a 28 de maio de 2026, ás 9:30 horas, reúnen-se as persoas integrantes do tribunal do proceso de selección dun/ha técnico/a informador/a turístico/a, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 163/2026 de 11 de maio de 2026, para valorar as alegacións presentadas á baremación de méritos que constan na acta de data 21/05/2026.

Asistentes:

- Presidenta: Paula Cabado Brea, técnica de proxectos da sección de desenvolvemento e promoción turística da Deputación da Coruña.
- Vogal 1ª: María Paz Gutiérrez Abella, funcionaria Traballadora Social do Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Nieves González Mujico, funcionaria educadora social do Concello de Touro.
- Secretario: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro.

A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración das alegacións presentadas con rexistro de entrada da Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico 202699900000373 de data 22-05-2026 hora 08:28:38 por Marta Gómez Jiménez con D.N.I. \*\*\*6671\*\* na que solicita *A revisión e modificación da miña baremación tendo en conta os servizos prestados durante 6 meses na Axencia de Turismo de Galicia a xornada completa. Tal como indica o apartado 9.3.1.b das bases da convocatoria, considero que dita experiencia suma 0,6 puntos, polo que solicito a modificación da baremación da experiencia, pasando de 0,35 a 0,95.*

A persoa alegante aportou certificado de Turismo de Galicia onde consta de xeito textual o seguinte:

*Que MARTA GÓMEZ JIMÉNEZ con DNI \*\*\*6671\*\* foi adxudicataria da bolsa de formación práctica na Oficina de Turismo de Santiago (Rúa do Vilar), conforme á resolución do director da Axencia de Turismo de Galicia do 31 de maio de 2024 pola que se fai pública a concesión das bolsas de formación práctica nas Oficinas de turismo de Galicia, de acordo ao establecido na Resolución do 7 de marzo de 2024 (DOG núm.55, do 18 de marzo de 2024). Que o programa formativo desenvolveuse desde o 05.06.2024 ata o 04.12.2024 cunha duración de 6 meses.*

Tal e como consta no propio certificado aportado pola persoa alegante trátase dunha **bolsa de formación práctica** conforme á resolución do director da Axencia de Turismo de Galicia do 31 de maio de 2024 pola que se fai pública a concesión das bolsas de formación práctica nas Oficinas de turismo de Galicia, de acordo ao establecido na Resolución do 7 de marzo de 2024 (DOG núm.55, do 18 de marzo de 2024).

O artigo 2 da citada Resolución do director da Axencia de Turismo de Galicia do 31 de maio de 2024 establece as **Condicións xerais do seguinte xeito:**

- 1. O obxectivo das bolsas é fomentar o perfeccionamento profesional das persoas bolseiras mediante a realización de prácticas formativas nas oficinas de turismo dependentes da Axencia de Turismo de Galicia con suxeición ás indicacións do/da titor/a que lle será asignado/a ao comezo das súas prácticas.**
- 2. As bolsas reguladas nesta resolución concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.**
- 3. As bolsas serán indivisibles e improrrogables e a súa percepción é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada por calquera Administración, institucións ou entes públicos, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa interesada e coa percepción da prestación por desemprego.**

**4. O programa formativo desenvolverase ao longo do ano 2024 cunha duración máxima de 6 meses, contados a partir da data de incorporación da persoa bolseira que será, previsiblemente, o 1 de maio de 2024.**

**5....**

*6. Durante o tempo de duración da bolsa, a persoa bolseira quedará incluída no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.*

*7. A concesión e goce da bolsa non suporán vinculación laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e a Axencia de Turismo de Galicia.”*

**De todo o anteriormente exposto resulta que estamos ante unha bolsa de formación práctica coa finalidade de fomentar o perfeccionamento profesional das persoas bolseiras mediante a realización de prácticas formativas, polo que non pode ser considerada como experiencia profesional.**

**O Tribunal por unanimidade acorda:**

**PRIMEIRO.** Desestimar a alegación presentada por Marta Gómez Jiménez con D.N.I. \*\*\*6671\*\*, xa que a baremación dos méritos realizada polo tribunal correspóndese co establecido nas bases reguladoras do procedemento e co establecido no artigo 2 da Resolución do director da Axencia de Turismo de Galicia do 31 de maio de 2024 onde fai referencia a un programa formativo polo que non existe unha relación de emprego público que poda ser baremado como experiencia profesional.

**SEGUNDO.** Elevar a definitiva as puntuacións outorgadas na acta do Tribunal de 21 de maio de 2026.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 9.45 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

A Presidenta

1ª Vogal

2ª Vogal

O Secretario

Paula Cabado Brea

Paz Gutiérrez Abella

Nieves González Mujico

José López González